vos, o que fai innecesario contar con el, polo que procede á súa supresión.

Por outra parte a complexidade crecente e o incremento do traballo en materia de réxime xurídico, derivados do exercicio das competencias da consellería, aconsella reforzar este eido; para ese efecto créase unha nova unidade, co rango de subdirección xeral, que baixo a dependencia da Secretaría Xeral desempeñará as correspondentes funcións.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible, logo de informe das consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Economía e Facenda, en exercicio das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de febreiro do dous mil oito,

*DISPOÑO:*

Artigo único.-Modifícase o Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, nos seguintes termos:

Primeiro.-Suprímese o Servizo de Supervisión, Inspección de Proxectos, Obras e Servizos, dependente da Subdirección Xeral de Planificación, Estudos e Informes, do artigo 4º, 2.3.1.

Segundo.-O número 2.4 do artigo 4º queda redactado como segue:

«2.4. Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo, coas seguintes funcións:

a) Informe e tramitación de todos os proxectos de disposición de carácter xeral que elaboren os distintos centros directivos da consellería, das recompilacións e refundición de normas.

b) Preparación e informe dos asuntos que se elevarán ao Consello da Xunta de Galicia e ás comisións delegadas e o traslado dos seus acordos.

c) Estudo, tramitación e proposta de resolución das reclamacións e recursos formulados contra os actos e resolucións ditados polos distintos órganos da consellería, cando non estean atribuídos a outros órganos desta.

d) Coordinación das actuacións da consellería en relación coas fundacións de interese galego sobre as cales esta exerza o protectorado, levando para ese efecto os libros de rexistro.

e) Rexistro e arquivo das disposicións legais emanadas da consellería, así como levar a cabo as recompilacións e refundicións das normas emanadas desta.

f) Tramitación dos expedientes de responsabilidade patrimonial, unha vez rematada a súa instrución.

g) Coordinación dos servizos técnico-xurídicos das delegacións provinciais.

h) Aquelas que por razón da súa competencia se lle encomenden.

Para o desenvolvemento das súas funcións contará coa seguinte unidade con nivel orgánico de servizo:

2.4.1. Servizo Técnico Xurídico».

*Disposición derrogatoria*

Única.-Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para ditar as disposicións precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, sete de febreiro do dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

*Corrección de erros.-Decreto 262/2007, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas do hábitat galego.*

Advertidos erros no devandito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 12, do xoves 17 de xaneiro de 2008, cómpre facer as oportunas correccións:

Na páxina 1.113 a continuación de «Anexo», debe dicir: «Normas do Hábitat Galego (NHG)». Así mesmo, a continuación deberá incluírse o seguinte:

«Índice xeral

I. Ámbitos de planeamento sen ordenación detallada.

I.A. Vivenda.

I.A.1. Condicións de deseño, calidade e sustentabilidade.

I.A.2. Condicións espaciais.

I.A.3. Condicións dimensionais, funcionais e dotacionais.

I.B. Edificio.

I.B.1. Integración e implantación.

I.B.2. Condicións do edificio en relación co espazo exterior de calidade.

I.B.3. Patios interiores.

I.B.4. Espazos comúns.

I.B.5. Rochos.

I.B.6. Garaxes colectivos.

I.B.7. Dotación de instalacións.

I.C. Contorno.

I.C.1. Espazos exteriores de calidade públicos e privados.

I.C.2. Accesibilidade.

I.C.3. Características referenciais dos espazos exteriores de calidade públicos inmediatos ao edificio.

I.C.4. Características referenciais do espazo exterior de calidade privado inmediato ao edificio.

I.C.5. Vivendas en planta baixa.

I.D. Vivenda unifamiliar illada.

I.D.1. Integración na paisaxe e no contorno.

I.D.2. Condicións de deseño, calidade e sustentabilidade.

I.D.3. Condicións xerais.

II. Ámbitos de planeamento con ordenación detallada vixente.

II.A. Vivenda.

II.A.1. Condicións de deseño, calidade e sustentabilidade.

II.A.2. Condicións espaciais.

II.A.3. Condicións dimensionais, funcionais e dotacionais.

II.B. Edificio.

II.B.1. Integración e implantación.

II.B.2. condicións do edificio en relación co espazo exterior de calidade.

II.B.3. Patios interiores.

II.B.4. Espazos comúns.

II.B.5. Rochos.

II.B.6. Garaxes colectivos.

II.B.7. Dotación de instalacións.

II.C. Contorno.

II.D. Vivenda unifamiliar illada.

III. Rehabilitación.

III.1. Plans especiais de protección con anexo de habitabilidade.

III.2. Rehabilitación en áreas cun instrumento urbanístico de protección non adaptado ás presentes normas do hábitat galego.

III.3. Rehabilitacións funcionais.

III.4. Ampliación e reformas.

IV. Innovación construtiva e novas tecnoloxías.

IV.1. Obxectivo.

IV.2. Procedemento especial para a tramitación de innovacións tipolóxicas.

Anexo I. Definicións.

Anexo II. Mobiliario básico e criterios de aplicación.

Anexo III. Modelo de solicitude de excepcionalidade do cumprimento das Normas do Hábitat Galego.

Na páxina 1.119 , punto I.B.4.1.3, onde di «Esta zona terá un largo libre mínimo de 2 m en toda a súa extensión…», debe dicir: «Esta zona terá un largo libre mínimo de 1,50 m en toda a súa extensión…».

Na páxina 1.125, punto II.A.3.4.1, onde di: «Se o ámbito do comedor se incluíse no da cociña deberanse sumar 5 $m^2$ ás superficies útiles mínimas citadas», debe dicir: «Se o ámbito do comedor se incluíse no da cociña deberanse sumar 4 $m^2$ ás superficies útiles mínimas citadas».

Na páxina 1.133, no encabezamento deberá incluírse «Anexo II. Mobiliario básico e criterios de aplicación».

A páxina 1.145 deberá eliminarse na súa totalidade.

Na páxina 1.146, no encabezamento deberá incluírse «Anexo III. Modelo de solicitude de excepcionalidade do cumprimento das Normas do Hábitat Galego».

# II. AUTORIDADES E PERSOAL

## a) CESAMENTOS

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

*Orde do 13 de febreiro de 2008 pola que se dispón o cesamento dun vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña.*

O artigo 40 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, dispón que a separación dos vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias dos portos de interese xeral será acordada polo órgano competente da comunidade autónoma por proposta das organizacións, organismos e entidades ás cales representen aqueles.

Polo exposto, vista a proposta do ente público Portos do Estado, e en exercicio das facultades que me foron atribuídas polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 10 de xaneiro de 2002,

*DISPOÑO:*

O cesamento de Jesús Poncela Pardo como vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña, en representación da Administración xeral do Estado, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2008.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas
e Transportes